

Anexo V.1.1. Declaración xenérica de ausencia de conflitos de intereses (DACI) para expedientes de contratación administrativa menor e contratación de persoal laboral temporal do capítulo VI

(Ao abeiro da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) e de acordo co principio de boa xestión financeira)

D./D.^a

PAS da UDC, que ocupa o posto de *(indique denominación do posto)*

destinado/a en *(indique servizo/sección/negociado)*

PDI da UDC, destinado/a en *(indique posto/centro)*

En relación aos expedientes en materia de:

Contratación administrativa menor

Contratación de persoal laboral capítulo VI

(marcar os expedientes de gasto que corresponden á súa unidade ou o tipo de expediente de ser o caso)

Como participante no proceso de tramitación dos expedientes, declara:

Primeiro: Que coñece o Código de conduta e principios éticos da Universidade da Coruña e os seus deberes como empregado/a público/a

.

Segundo. Estar informado/a do seguinte:

1. O artigo 61.3, «Conflitos de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18/07/2018 (Regulamento financeiro da UE), establece que «existirá conflito de intereses cando se vexa comprometido o exercicio imparcial e obxectivo das funcións por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, interese económico ou por calquera razón directa ou indirecta de interese persoal».

2. O artigo 64, «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses», da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten por obxecto evitar calquera falseamento da competencia e garantir a transparencia do procedemento, así como garantindo a igualdade de trato para todos/as os/as candidatos/as e licitadores/as.

3. O artigo 23, «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que «as autoridades e o persoal ao servizo das administracións en que se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte abstenganse de intervir no procedemento e o comunicarán ao/á seu/súa superior/a inmediato/a. Son motivos de abstención os seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír, ser administrador/a da empresa ou entidade interesada, ou ter pendente litixios con calquera persoa interesada.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación asimilable de feito e parentesco consanguíneo dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, coas persoas administradoras das entidades ou sociedades interesadas e tamén coas persoas asesoras, representantes legais ou mandatarias que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado/a con estas para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter unha estreita amizade ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervido como perito/a ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica directamente interesada na materia, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Terceiro. Que non se atopa incurso/a en ningunha situación susceptible de ser cualificada de conflito de intereses das sinaladas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención das recollidas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión.

Cuarto. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación-comisión de valoración-superior/a xerárquico/a, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que puidese dar lugar ao dito escenario.

Quinto. Que se compromete a respectar as normas relativas á prevención de conflitos de intereses, fraude, corrupción e a evitar o dobre financiamento, na xestión dos fondos procedentes do PRTR, de programas recibidos directamente da Unión Europea (UE) ou doutros fondos da UE que financien convocatorias das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas e/ou dependentes.

Sexto. Que coñece que unha declaración de ausencia de conflitos de intereses que se acredite falsa levará consigo as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais establecidas pola normativa aplicable.

, de de

(sinatura)

CLÁUSULA INFORMATIVA DE PROTECCIÓN DE DATOS

Este documento archivarase nun repositorio electrónico do Servizo de PAS ou de PDI e porase a disposición, cando cumpra facilitalo, para verificacións que se realicen no exercicio de actuacións de comprobación e control posterior.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal).

Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse a seguinte páxina web: https://www.udc.es/gl/pe/politica_privacidade/